

Serbia rñndese

Description

Nas conversas de Kumanovo non hai negociación, só hai instrucións dos vencedores sobre o xeito e tempo no que se debe facer a retirada. Os dirixentes serbios preparan a opinión pública cunha repetida mensaxe na televisión: O plan de Paz do grupo dos oito contén o respecto a integridade territorial de Iugoslavia e confirma os dereitos constitucionais e territoriais de Belgrado sobre a provincia de maioría albanesa. ¡Resistir tres meses foi necesario, para conservar o Kosovo!

A OTAN non cesa en insistir en que a reunión entre a súa delegación, liderada polo xeneral Mike Jakson e os militares serbios Kovacevic e Stepanovic, non se tratou dunha mesa negociadora, senón que só pretendeu clarificar os termos nos que se deberá leva a cabo a retirada das tropas do Kosovo.

As condicións que pretenden impoñer os vencedores son duras e mentres non se dean aceptado continuará implacablemente a chuvia de bombas e mísiles. A OTAN quere:

Unha rápida retirada, no prazo dunha semana. do persoal militar, a garda nacional, os servizos de espionaxe e das forzas paramilitares. So poderán quedar uns 500 ou 600 homes para control das fronteiras, para gardar dos monumentos históricos, para a localización da minas antipersonais e anticarro e para tarefas de coordinación coa Korf.

A delegación serbia, vencida e humillada, pretende arrincar pequena concesión de enorme interese para o goberno Iugoslavo:

Mais tempo físico para posibilitar unha retirada racional das forzas militares. Garantías de non seren atacados pola UN
Garantía para a pobo

A ledicia por rematar unha inxustificable guerra que, provocou 10.000 mortos serbios, un incuantificable número de vidas albano-kosovares, vítimas da limpeza étnica, , .000 de traballadores en paro serbios por mor da destrución dos seus centros productivos, 900.000 refuxiados albano-kosovares, abre novas incógnitas e preocupacións.

Os kosovares de adscripción serbia, uns 200.000, poden estar en perigo, tal como sucedeu na Kaxina, na Eslavonia oriental ou no mesmo Saraievo.

A vontade e as decisións dos albano Kosovores non está presente fisicamente nas mesas de negociación, a OTAN eríxese en mediador interposto, sen consultar aos seus defendidos e aos seus intereses. O ELK acepta o protectorado transitorio, pero ¿Aceptará o ELK o seu desarmamento e a permanencia do Kosovo en serbia.

¿Cal vai a ser o papel a desempeñar por Ibrahim Rugova? O líder moderado perdeu parte no seu prestixio neste conflito bélico en beneficio das posicións máis radicais do ELK, as súas visitas aos campos de refuxiados foron recibidas con tepedamente e non co entusiasmo co que se recibiu ao líder da guerrilla Hashin Taqui.

¿Como se concretará o termo ampla autonomía que figura abstractamente nos documentos de paz?

A chave vai estar, na capacidade de aceptación da vontade democrática dos albanos-kosovares, mesmo da súa independencia. Ase mesmo compre establecer mecanismos de defensa dos dereitos culturais, relixiosos e cívicos da minoría serbia, así como dos seus símbolos e monumentos.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO Balcáns

IDIOMA

Galego

Date Created

Xuño 8, 1999

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 1999-06-08 00:00:00